



PEQUENA HISTORIA DA FESTAS DO APÓSTOLO

En Compostela, as festas na honra do patrón Santiago son de sempre o maior acontecemento no ciclo anual da cidade. As funcións relixiosas eran as máis solemnes, sofisticadas e concorridas de cantas ao longo do ano había na basílica pero había tamén unha parte lúdica e festiva.

Son ben coñecidas as touradas e os espectáculos pirotécnicos, tamén a concurrencia de compañías teatrais e a chegada de tratantes e bestas á Feira, que era unha das máis importantes do reino. Boa parte do custe destes eventos corría por conta do cabido catedralicio.

As touradas e a pirotecnia tiñan lugar na praza do Obradoiro, mentres que a Feira desenvolvíase principalmente no Campo de Santa Susana e, xa con outras mercadorías, un pouco por toda a cidade pois neses días converxían en Compostela multitude de persoas ás que había que alimentar e entreter, que querían comprar ou vender.

Na contorna de Salgueiriños, onde aínda hoxe permanece o topónimo, tiña lugar un dos actos senlleiros do programa: unha carreira hípica organizada polo Concello, na que se xogaba unha boa bolsa de moedas, a honra da victoria e un pano da máis fina seda, o Cendal. Durante algúns séculos, xogábanse tamén no Obradoiro os xogos de canas e anel, reservados aos fidalgos que lembraban as xustas e torneos cabaleirescos.

Estas dúas competicións e a asistencia e agasallo aos hóspedes ilustres centraban o protagonismo do Concello, cuxo acto principal era o *refresco* que tiña lugar despois dos touros.

O cabido, pola súa parte, era o gran protagonista e organizador dos actos relixiosos que inescusablemente ademáis de misas e novenas incluían procesións solemnes co canto de chirimías e a exhibición pública do pendón da batalla de Lepanto.

Nas rúas, había danzas que acompañaban ás procesións relixiosas e civís e que eran organizadas e protagonizadas polos gremios, que tamén armaban montaxes efímeras feitas con madeira en zonas relevantes da cidade como a hoxe Pza de Cervantes. Saían tamén os Xigantóns, que representaban as catro partes do mundo que peregrinaban ao Altar apostólico, e gaiteiros que os acompañaban. E cabe pensar que había tamén outros festexos e actos máis populares.

Cando Felipe IV instaurou a Ofrenda ao Apóstolo pouco mudou o esquema tradicional. Non obstante, naceu nun contexto moi concreto e trouxo consigo unha reafirmación do protagonismo do Apóstolo na relixiosidade oficial do reino. En efecto, naquel tempo estaba en certa discusión o lugar de Santiago Apóstolo como patrón das Españas pois emerxía con forza o patronato de Santa Teresa de Xesús.



A ofrenda do rei, que en realidade é unha doazón anual de 1.000 escudos de ouro que faría efectiva en metálico no seu nome no día de Santiago o gobernador ou o alcalde maior máis antigo da Real Audiencia de Galicia, inseriuse no plan de actividades xa existente. Mudaba únicamente a loxística, por canto ao ser o doante enviado do rei era preciso prever o seu aloxamento e unha recepción acorde ao seu rango. Os representantes da cidade ían a San Lázaro a darlle a benvida e, xa ao día seguinte, era agasallado oficialmente polo concello.

Este acto mantívose ata que as Cortes de Cadiz ordearon a súa supresión como actividade pública, entendendo que o compromiso fiscal atinxía en todo caso ao Rei e aos seus sucesores e non ao erario estatal. Como boa parte dos acordos daquelas Cortes, non chegou a substanciarse.

O século XIX trouxo consigo un cambio substancial nas festas do Apóstolo; é algo común a outras festividades. A festa laica vai tomando protagonismo mentres que a relixiosa, sen desaparecer queda nun segundo plano. É así como naceron as festas que hoxe coñecemos, como as de San Froilán.

É entón, cando nace a Festa Galega ou cando entran no programa as competicións deportivas, os premios a estudantes, a actuación da Banda,... É tamén o momento no que a Ofrenda vai esmorecendo, pois intermitentemente distintos gobernos negaronse a cargar nas súas depauperadas arcas tan gravoso obsequio. A finais do século en diversas ocasións é o propio Concello quen asume, do seu peto ou previa recadación popular, o pago da ofrenda.

Conservase un bo número de programas festivos desde mediados do s. XIX ata a Guerra Civil. Advírtese neles un crecente protagonismo da festa laica e a súa concepción como un momento capital da sociabilidade da cidade: bailes, concertos de banda, paseos, cucañas, festa galega, eventos culturais... Perviven algúns elementos como o espectáculo pirotécnico e a feira desapareceron outros como a carreira do Cendal ou as procesións cívicas. Nun programa máis nutrido e diverso, descende o protagonismo dos actos relixiosos que, consonte á mentalidade da época, seguen sendo moi concorridos. É neste tempo cando emerxe o 25 de xullo como Día de Galicia, con carácter cultural pero tamén político.

Durante moitos destes anos, a Ofrenda foi un máis dos actos, por canto só en períodos concretos houbo representación e financiación do estado; no resto, foi a sociedade civil -as organizacións e crentes católicos- quen a asumiu.

A Guerra Civil e a súa interpretación da mentalidade de cruzada polo bando golpista, trouxo consigo unha reinterpretación dalgúns actos das festas, nomeadamente daqueles de perfil relixioso. En 1937, no contexto da guerra e represión ideolóxica, o

franquismo recuperou a festividade e reviviu e reformulou a antiga ofrenda, como fixo tamén coa do Antigo Reino de Galicia na Catedral de Lugo. Estes actos foron repensados e recreados tendo presente non tanto a súa tradición como a súa interpretación por parte da cidadanía.

A festa volveu a ser a do *Patrón de las Españas* e pasados os anos máis difíciles da posguerra, recuperou o seu pulso con programas cada vez máis completos e diversos. Retomouse, en certo modo, a evolución iniciada no século XIX e fortalecendo a festa laica, nun esquema bastante similar ao que hoxe se celebra.